

Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pola que se aproba a apertura dun novo período de recepción de propostas no marco das consultas preliminares ao mercado realizadas no marco do proxecto "Aldeas intelixentes. Solucións de futuro para aldeas sostibles".

Galicia sofre un desequilibrio territorial, caracterizado por unha polarización na distribución da poboación e na actividade económica que leva á infrautilización de activos territoriais con elevado potencial económico, o que redonda nunha perda global de competitividade, que no contexto actual de crise económica e cambio climático agrava as consecuencias deste proceso e alimenta as súas causas. Todo isto supón un reto social e económico dirixido á xeración de emprego, riqueza e benestar social nas zonas rurais, baixo a premisa do equilibrio e da cohesión territorial, sen comprometer a sustentabilidade dos recursos naturais.

O 11 de abril de 2017 a Comisión Europea lanzou a "EU Action for Smart Villages" na que se define o concepto de Smart Villages (en adiante, SV), como aquelas comunidades das zonas rurais que empregan solucións innovadoras para aumentar a súa resiliencia, aproveitando as fortalezas e as oportunidades locais. Esta iniciativa baséase nunha formulación participativa orientada a elaborar e aplicar unha estratexia co fin de mellorar as condicións económicas, sociais ou ambientais e, en particular, aproveitando as solucións que ofrecen as tecnoloxías dixitais.

A posta en marcha destas estratexias pode basearse en iniciativas xa existentes e poden financiarse mediante diversas fontes públicas e privadas.

O concepto de SV implica a participación da poboación local na mellora das súas condicións económicas, sociais ou ambientais, a cooperación con outras comunidades, a innovación social e a elaboración de estratexias. As tecnoloxías dixitais poden aplicarse a moitos aspectos da vida e ao traballo nas zonas rurais. Suxire, así mesmo, a adopción de solucións intelixentes tanto no sector público como no privado en moi diversos ámbitos de actuación.

Nas SV as redes e servizos novos e tradicionais son mellorados mediante a dixitalización, a innovación e as tecnoloxías da telecomunicación, así como a través do mellor uso do coñecemento para o beneficio dos habitantes e os negocios do territorio. A innovación e as tecnoloxías dixitais poden proporcionar maior calidade de vida, mellores servizos públicos para a cidadanía, mellor uso dos recursos, menos impacto no medio ambiente e novas oportunidades para a cadea de valor de produtos e procesos.

Nesta acción, a UE recoñece a importancia da tecnoloxía para o desenvolvemento das SV, pero ao mesmo nivel que as infraestruturas, a creación de negocios, o capital humano, a construción de comunidade ou a gobernanza.

O concepto de SV está a gañar terreo no desenvolvemento rural, coincidindo



coa reforma en curso da política agrícola común (PAC). Un elemento fundamental desta reforma será un novo modelo de aplicación baseado en que cada Estado Membro elabore un plan estratéxico da PAC, a través dos fondos FEADER, a EIP- AGRI e a Rede Europea de Desenvolvemento Rural, na que se creou un grupo temático sobre SV e outro sobre Smart Rural Business na área temática Smart & Competitive Rural Areas.

En decembro de 2020 a Comisión publicou as súas recomendacións dirixidas a cada estado membro sobre a dirección que deben tomar os seus plans para alcanzar os obxectivos da PAC e as metas do Pacto Verde Europeo. A análise da Comisión pon de relevo as deficiencias que os Estados Membros deben emendar se se quere cumprir o obxectivo do Pacto Verde de lograr un acceso do 100 % a internet de alta velocidade nas zonas rurais de aquí a 2025. En gran parte, dependerá da resposta que dean os Estados Membros a estas recomendacións ao elaborar os seus plans estratéxicos da PAC.

No ano 2019 a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia puxo en marcha o proxecto "Aldeas Modelo", que tiña o obxectivo de construír un modelo ideal de asentamentos de poboación na área rural, que servise de exemplo para a súa expansión por todo o territorio galego. As aldeas modelo xorden co obxectivo de recuperar o modelo tradicional de asentamento da poboación en Galicia, pero adaptado ao século XXI. O proxecto parte da base de recuperar a contorna das aldeas con prácticas agrarias sustentables, contribuíndo deste xeito a un triplo obxectivo: seguridade alimentaria, xeración de actividade económica mediante un uso eficiente e sustentable de recursos naturais e adaptación ao cambio climático (a través da prevención de incendios forestais).

As aldeas modelo puxéronse en marcha como proxectos piloto de mobilidade de terras, e posteriormente foron reguladas como un instrumento de recuperación da terra agraria de Galicia da lei 11/2021, do 14 de maio.

No ano 2019, no que a Xunta de Galicia puxo en marcha as aldeas modelo, presentáronse no Parlamento Europeo os resultados do proxecto piloto Smart Eco-social Villages, no cal se propón a seguinte definición: "As SV son comunidades en áreas rurais que usan solucións innovadoras para mellorar a súa resiliencia, a partir de fortalezas e oportunidades locais. Baséanse nun enfoque participativo para desenvolver e implementar as súas estratexias co fin de mellorar as súas condicións económicas, sociais e/ou ambientais, en particular mobilizando solucións ofrecidas polas tecnoloxías dixitais. As SV beneficianse da cooperación e alianzas con outras comunidades e actores de áreas rurais e urbanas. O inicio e implementación de estratexias de SV pode basearse en iniciativas existentes que poden ser financiadas por diversos fondos públicos e privados."

O proxecto "Aldeas Modelo" posto en marcha pola Xunta de Galicia alíñase perfectamente coa política das SV impulsada pola UE, xa que ambas pretenden conseguir un territorio rural intelixente a través da creación dunha rede de SV ou Aldeas Modelo que potencien os grandes valores das áreas rurais e proporcionen aos actores locais as ferramentas para aproveitar o seu



potencial e así contribuír aos grandes retos da seguridade alimentaria, o declive demográfico ou o cambio climático.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Agader) é unha axencia pública autonómica da Xunta de Galicia que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia. Este desenvolvemento ten como finalidade mellorar a calidade e condicións de vida dos habitantes do medio rural á vez que contribúe á cohesión do territorio galego.

Agader creouse no ano 2000 pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro). Actualmente, está adscrita á Consellería do Medio Rural.

Agader ten como finalidade planificar actuacións, elaborar as estratexias, coordinar e xestionar os recursos destinados ao desenvolvemento do Medio Rural segundo o disposto no Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (DOG núm. 77, do 20 de abril), modificado polo artigo 2º da Lei 12/2008, do 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 7/1996 e a Lei 5/2000 (DOG núm. 244, do 17 de decembro); polo apartado dous da disposición última da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 250, do 50 de decembro), e polo artigo 7 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio).

Agader, no marco dos Plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo regulado na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, ten a intención de levar a cabo procesos de Compra Pública de Innovación, co fin de obter solucións innovadoras que permitan impulsar a revitalización dos núcleos das aldeas modelo.

Na execución deste proxecto, Agader comprométese a realizar actuacións administrativas de fomento da innovación, potenciando novos mercados innovadores desde o lado da demanda, a través do emprego da contratación pública de innovación, como instrumento de política de innovación cuxo obxectivo final é dinamizar a innovación e a internacionalización mediante a articulación e o fortalecemento da demanda tecnolóxica a través da combinación de actuacións de fomento á I+D con actuacións de contratación pública de bens e/ou servizos.

Como paso previo á definición dos modelos de contratación pública de innovación que poidan aplicar a Consellería do Medio Rural e Agader, considerouse de interese promover unha convocatoria aberta de Consultas Preliminares ao Mercado, como mecanismo para identificar tecnoloxías e solucións de interese para os retos tecnolóxicos que se propoñen no proxecto "Aldeas intelixentes. Solucións de futuro para aldeas sostibles".

A Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública, recoñece de maneira explícita no seu artigo 40, a figura da consulta preliminar do mercado. Esta permite aos



poderes adjudicadores a realización de consultas do mercado, con vistas a preparar a contratación e informar os operadores económicos acerca dos seus plans e dos requisitos de contratación, con anterioridade ao comezo do procedemento. Así mesmo, o artigo 115 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/25/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sinala que os órganos de contratación poderán realizar estudos de mercado e dirixir consultas aos operadores económicos coa finalidade de preparar correctamente a licitación e informar aos citados operadores económicos acerca dos seus plans e dos requisitos que esixirán para concorrer ao procedemento.

Agader dispón dun orzamento de 5 millóns de euros de fondos propios, o cal espera ampliar con outras fontes de financiamento europeo e nacional con fin de alcanzar un orzamento global de 10 a 15 millóns de euros.

O 24 de novembro de 2021 Agader aprobou a resolución para a execución da Consulta Preliminar ao Mercado do proxecto "Aldeas intelixentes. Solucións de futuro para aldeas sostibles".

O 25 de novembro de 2021 publicouse dita resolución, xunto cos seus anexos no Perfil do Contratante de Agader

(<https://www.contratosdeg Galicia.gal/licitacion?N=803533>)

Durante o período de presentación de propostas - que abarcou desde a publicación no Perfil do Contratantes ata o 22 de decembro de 2021 - recibíronse 167 propostas para solucionar os retos inicialmente expostos no documento "Necesidades" (Anexo I, publicado na páxina web do proxecto [https:// aldeasintelixentes.gal/](https://aldeasintelixentes.gal/)).

Desde ese momento en diante, desde Agader traballouse en analizar as propostas recibidas e na selección das que mellor se adecúan aos retos detallados no Anexo I da devandita resolución e que teñan un orzamento aproximado de entre 500.000 e 1.500.000.

Rematado o estudo de propostas análise e en virtude do previsto na cláusula quinta da devandita resolución, Agader elaborou 5 fichas de avance, que se detallan no Anexo I desta resolución ("Fichas de Avance").

Segundo o disposto no Decreto 79/2001, do 6 de abril polo que se aproba o Regulamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, desenvolto pola Resolución do 24 de xullo de 2015, pola que se fai pública a delegación de competencias na Presidencia e na Dirección de Xeneral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e en relación coa función regulada no artigo 6.1. f) do mencionado regulamento, corresponde á persoa titular da Presidencia de Agader o acordo e a formalización de convenios e contratos por importe superior a 900.000€ que deban concertarse con entidades públicas ou privadas para o correcto exercicio das funcións de Agader.

En virtude do anterior,



ACORDO:

Primeiro. Obxecto

Aprobar e publicar un novo período de recepción de propostas para a convocatoria de Consulta preliminar ao mercado para o desenvolvemento do proxecto "Aldeas intelixentes. Solucións de futuro para aldeas sostibles", co obxectivo de recibir propostas concretas que axuden a mellorar e completar as 5 fichas de avance resultantes da información recibida durante o período de presentación de propostas comprendido entre o 2 de novembro e o 22 de decembro de 2021.

O documento "Fichas de Avance" (Anexo I desta Resolución), que se pon ao dispor de todos os participantes, recopila as 5 fichas de avance, é susceptible de ser suxeito a modificacións ao longo do proceso de consulta e poderá ser actualizado a través de dita páxina web. Ditas necesidades servirán para avaliar as capacidades do mercado e definir as especificacións funcionais que impliquen innovación e sexan factibles de alcanzarse a través dunha eventual Compra Pública de Innovación ou outro instrumento de contratación pública.

Esta consulta preliminar ao mercado é unha invitación dirixida principalmente a particulares, asociacións, empresas e centros de coñecemento. Estes axentes colaborarán na definición das fichas de avance e no desenvolvemento das solucións innovadoras correspondentes para detectar necesidades e posibles casos de aplicación nos servizos públicos de Galicia, tanto en casos de problemas sen resolver, como para ofertar novos servizos públicos ou mellorar a capacidade e calidade de servizos públicos existentes, sempre que poidan resolverse mediante innovación tecnolóxica, derivada da observación e xestión intelixente do medio, converténdose nun vehículo de desenvolvemento, posta a punto e operación de novos produtos, servizos e solucións avanzadas para a súa aplicación a unha xestión máis intelixente do medio rural en Galicia.

Segundo. Finalidade

A presente consulta ao mercado ten un carácter estratéxico para Agader e, en concreto, con este novo período de recepción de propostas preténdese:

- a) Completar a información obtida tras o estudo das propostas presentadas no período comprendido entre o 25 de novembro de 2021 e 22 de decembro de 2021 que se plasmou no documento "Fichas de avance", consonte o establecido na cláusula quinta da resolución de Agader con data 24 de novembro de 2021.
- b) Coñecer as súas propostas específicas, de xeito que se poida elaborar o Mapa de Demanda Temperá (listaxe de posibles licitacións de Compra





Pública de Innovación que se promoverán desde Agader e identificar a solución aos retos que se expoñen).

Agader busca así solicitar ideas de proxectos ou solucións innovadoras, que estean dentro dun nivel de madurez tecnolóxica actual alto (TRL 4 a 7- " HORIZON 2020 – WORK PROGRAMME 2016-2017 Xeneral Annexes: G. TRL").

O organismo encargado da xestión e coordinación da etapa de consultas preliminares ao mercado, así como no seu caso, o órgano de contratación das futuras licitacións será Agader.

Terceiro. Participantes

A convocatoria está aberta e diríxese a persoas físicas ou xurídicas que teñan vontade de participación e de colaboración con Agader mediante a redacción de expresións de interese e de propostas que contribúan a definir e dar resposta aos retos prateados.

Admitirase a presentación de varias propostas por unha mesma persoa física ou xurídica, xa sexa individualmente ou de forma conxunta con outros. Cando unha proposta se presente de forma conxunta por un grupo de persoas ou entidades, deberase identificar aquela que as represente, para efectos de interlocución coa Administración.

A participación na convocatoria non supón, por parte da Administración, ningún deber de financiamento ou aceptación das propostas presentadas. Os gastos derivados da participación na convocatoria serán a cargo das persoas interesadas.

A Administración dará aos participantes un tratamento igualitario e non discriminatorio, e axustará a súa participación ao principio de transparencia.

Cuarto. Aplicación dos principios de transparencia, igualdade de trato e non discriminación nin falseamento da competencia.

Para a participación na Consulta Preliminar ao Mercado, os contactos mantidos cos participantes ou os intercambios de información rexeranse polos principios comunitarios de transparencia, igualdade de trato e non discriminación, sen que poidan ter como efecto restrinxir ou limitar a competencia, nin outorgar vantaxes ou dereitos exclusivos nunha eventual licitación posterior.

A participación na consulta preliminar ao mercado non outorgará ningún dereito nin ningunha preferencia respecto á adxudicación dos contratos que se poidan celebrar con posterioridade no ámbito do obxecto desta resolución.

Para estes efectos, Agader tomará as medidas adecuadas para garantir o mantemento dos principios indicados tanto no desenvolvemento desta convocatoria como de calquera procedemento posterior de contratación.





En particular, en aplicación dos principios de igualdade de trato e transparencia, comunicárase aos demais participantes, candidatos ou licitadores, calquera información pertinente intercambiada no marco desta convocatoria ou como resultado dela, coidarase que as especificacións técnicas ou funcionais se definan respectando o disposto na lexislación de contratos do sector público e procederase ao establecemento de prazos adecuados para a recepción das ofertas e solicitudes de participación tendo en conta o tempo que, razoablemente, puidese ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato.

Quinto. Presentación de propostas

- 1) Para a presentación das propostas, os proponentes cinguiranse ás seguintes regras:
 - a. Calquera persoa, física ou xurídica, interesada en participar poderá enviar as súas propostas concretas en lingua galega ou en castelán, con independencia de se remitiu unha proposta durante o período de presentación de propostas comprendido entre o 25 de novembro de 2021 e o 22 de decembro de 2022, segundo os modelos que se atopan dispoñibles na páxina web [https:// aldeasintelixentes. gal/](https://aldeasintelixentes.gal/). No caso de que unha proposta a presente, de maneira conxunta, un grupo de persoas ou entidades deberase identificar aquela que as represente, para os efectos da interlocución coa Administración. En calquera caso, cada unha das persoas interesadas deberá asumir os eventuais custos derivados da súa participación.
 - b. As propostas remitidas seguirán o modelo recolleito no anexo II desta Resolución e que estará dispoñible en formato electrónico na páxina web [https:// aldeasintelixentes. gal/](https://aldeasintelixentes.gal/). As propostas poderanse presentar en calquera momento durante o período comprendido entre a publicación desta resolución e a data de finalización de presentación de propostas establecida nesta resolución. Poderanse enviar sucesivas versións dunha proposta, co mesmo acrónimo, pero cada proposta enviada substituirá completamente á anterior. Xa que logo, a nova proposta deberá incluír todo o que se considere que segue sendo válido das anteriores.
 - c. Rematado o prazo para a presentación de propostas, Agader estudará as mesmas e seleccionará as que mellor se adecúen ás fichas de avance detalladas no Anexo I desta Resolución e que teñan un orzamento aproximado de entre 500.000 e 1.500.000 €.
 - d. Rematado o prazo para a recepción destas propostas, Agader estudará as mesmas e poderá utilizalas no proceso de





desenvolvemento e implementación dos proxectos, tanto na súa definición como no seu alcance, así como na definición dun eventual procedemento de licitación posterior. Así mesmo, definirase no seu caso, un "mapa de demanda temperá" das posibles licitacións como resultado do presente proceso de consultas preliminares.

- e. Se se considera de interese e en calquera momento do proceso, Agader poderá contactar con participantes concretos para solicitar máis información sobre a súa proposta, aclarar dúbidas ou solicitar demostracións. Así mesmo, poderanse realizar xornadas informativas, reunións cos participantes, e calquera outras actuacións de comunicación e difusión que se estimen oportunas. Sen prexuízo do emprego doutras canles, toda a información actualizada sobre a consulta estará dispoñible no citado sitio web.
- f. Así mesmo, Agader publicará o peche da consulta ou, no seu caso, poderá publicar o peche de retos concretos cando estime que se:
 - i. Dispón de información suficiente sobre propostas innovadoras para ese reto como para iniciar un eventual proceso de contratación pública de innovación
 - ii. Considere que tal reto non xerou suficiente interese no mercado como para manter a consulta.
 - iii. Estes peches anunciaranse con polo menos dúas semanas de antelación, publicándoo en sitio web arriba indicado. Avisarase á súa vez do peche da consulta ou de retos concretos a todos os que participasen ata ese momento na consulta a través da dirección de correo electrónico desde a que se enviou a proposta.
- g. Finalmente, Agader fará constar nun informe final as conclusións das consultas preliminares do mercado e todas as actuacións realizadas. No devandito informe relacionaranse as accións realizadas, as entidades consultadas, as cuestións que se lles formularon e as respostas ás mesmas, sen prexuízo da información declarada de carácter confidencial, alén dos seguintes aspectos:
 - i. Novos retos que se expuxeron.
 - ii. Actualizacións dos retos
 - iii. Agrupación de retos
 - iv. Fichas de avance
 - v. Aspectos de concreción dos retos
 - vi. Datas e condicións de peche





- vii. Listaxe de participantes.
- viii. Calquera outro aspecto relevante sobre as conclusións alcanzadas.

Este informe publicarase na páxina web citada anteriormente e en todo caso no perfil do contratante de Agader. Neste informe estableceranse, ademais, os próximos pasos que levará a cabo Agader no marco do proxecto "Aldeas intelixentes. Solucións de futuro para aldeas sostibles". Entre os mesmos poderá figurar, no seu caso, un mapa de demanda temperá que recolla unha relación das necesidades identificadas non cubertas que serán susceptibles de ser proxectos de contratación pública de innovación.

- 2) Por calquera dúbida ou consulta que poida xurdir por parte dos participantes dan consulta, habilitase o seguinte correo electrónico: cpm.agader@xunta.gal.

Sexto. Transparencia da consulta

Para garantir a transparencia do proceso, a dispoñibilidade de maior información posible e o intercambio eficaz de experiencias e opinións, os participantes farán constar expresamente o seu consentimento para que Agader manteña accesible e actualizada a información necesaria, total ou parcial, sobre as propostas presentadas. En caso de non dar o consentimento, serán excluídas do proceso.

Agader se reserva para si a facultade de facer públicos os datos das propostas presentadas, tendo en conta o previsto no punto seguinte, así como calquera outras que se teñan en conta no proceso de desenvolvemento e execución dos proxectos. Co fin de garantir a transparencia e igualdade de oportunidades entre os participantes dos eventuais procedementos de contratación que se poidan convocar, publicará a información relativa aos avances na definición de cada proxecto.

Agader se reserva para si a facultade de realizar unha presentación pública das propostas que se teñan en conta no proceso de desenvolvemento e execución dos proxectos e das contribucións realizadas a estes polos distintos participantes, e a darlle a necesaria difusión para o seu público recoñecemento.

O uso do contido das propostas límitase exclusivamente ao seu uso na definición das especificacións dos eventuais procedementos de contratación que seguisen á consulta preliminar ao mercado. Por tanto, de Agader tendo en conta as propostas e con suxeición ás regras contractuais aplicables, poderá tramitar os procedementos de contratación oportunos para a execución dos proxectos.





Sétimo. Confidencialidade

Os datos persoais recollidos neste procedemento de consulta preliminar ao mercado serán tratados na súa condición de responsable por Agader, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento. Estes datos incluíranse, necesariamente, nas fichas de proposta, nas que se fará constar, ademais, o seu consentimento expreso e a aceptación das bases da convocatoria, incluída a posibilidade da Administración de difundir a súa participación no procedemento no caso de ser relevante.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poder públicos, conforme a normativa recollida na ficha de procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no formulario correspondente e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeneral-proteccion-datos>. Con todo, algúns tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no este formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia, consonte o establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e cancelar os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou de xeito presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Por outra banda, para garantir a transparencia do proceso, a dispoñibilidade da maior cantidade de información posible e o intercambio eficaz de experiencias e opinións, as persoas participantes farán constar expresamente a súa vontade conforme para que Agader manteña accesible e actualizada a información requirida, total ou parcial, sobre as propostas presentadas.

Sen prexuízo da posibilidade da divulgación das solucións e a definición de especificacións dos proxectos, a Administración non poderá divulgar a información técnica ou comercial que, se é o caso, fóra facilitada polas persoas participantes e estes designasen como confidencial.

Oitavo. Contratación de proxectos

Unha vez realizada a definición das especificacións funcionais dos proxectos co grao de concreción requirido, Agader, poderá iniciar os correspondentes procedementos de contratación segundo o establecido na Lei 9/2017, do 8 de





novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou normativa de aplicación. Este eventual procedemento de contratación pública está aberto a todas as propostas posibles que cumpran as condicións do procedemento, estivesen ou non ligadas á consulta preliminar ao mercado anterior. En calquera caso, o procedemento determinará as fases do mesmo, así como os criterios de avaliación para superar cada unha delas.

Noveno. Prazo da Consulta Preliminar ao Mercado.

O prazo de presentación das propostas que se define na letra b) do punto quinto desta Resolución comezará o día seguinte ao da publicación desta Resolución a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (<https://www.contratosdegalicia.gal/>) e rematará o 18 de abril de 2022.

Así mesmo, Agader publicará o peche final da consulta sen prexuízo de que, no seu caso, poderá publicar o peche de retos concretos consonte o establecido o punto quinto desta resolución.

Décimo. Idioma

Os idiomas oficiais desta Consulta Preliminar ao Mercado son o galego e español. Os participantes poderán presentar as súas propostas ou informacións en galego ou español. A comunicación cos participantes durante o procedemento de consulta para responder as preguntas que expoñan realizárase en galego e español.

Décimo primeiro. Resultado da Consulta Preliminar ao Mercado.

Agader estudará as propostas que se presenten e poderá utilizalas, conforme o establecido no artigo 115 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/25/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública, para definir as especificacións funcionais ou técnicas detalladas que se poidan empregar nos procedementos de contratación de bens ou servizos que con posterioridade pódanse convocar, fundamentalmente a través do procedemento de Compra Pública Innovadora.

Décimo segundo. Dereitos de Explotación da Propiedade Intelectual e Industrial.

O uso do contido das propostas límitase exclusivamente á súa posible inclusión nas especificacións funcionais ou técnicas dun eventual procedemento de contratación posterior. Para os efectos do proxecto "Aldeas intelixentes. Solucións de futuro para aldeas sostibles", considerarase como



resultados aquela información ou material, protexido ou non, que fose identificado especificamente como resultado nas propostas cumprimentadas polos participantes das consultas. Cabe destacar que a vocación da Compra Pública Innovadora é a de facilitar a explotación comercial dos resultados por parte de Agader, sen prexudicar para iso á/s entidade/é que os desenvolveran, na medida que posteriormente estes dereitos sobre as solucións desenvoltas regularanse nos pregos das licitacións pertinentes. Entenderase por Dereitos de Propiedade Intelectual/Industrial preexistentes calquera patentes, marcas, coñecementos, información e experiencia, que fosen adquiridos e/ou desenvoltos polo seu titular de maneira independente ou anterior ao proxecto. De forma explícita, a participación nas consultas non outorgará dereito algún sobre a Propiedade Intelectual/Industrial preexistente.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

(asinado dixitalmente)

José González Vázquez

Presidente de Agader

